

Alberte Lema
Refutación do nominalismo (poema adicado)

this unnamed place between us.
e. e. cummings

non sabería pórlle un nome a esto,
localizar a nosa posición no mapa
e concluír: estamos atravesando amigos
en dirección a amantes.
(As palabras, ben o sabes,
só saben falar das cousas
cando están quietas
e sorrindo para a foto)
eu prefiro non saber o que somos
e que ninguén que nos chame nunca América
a nós, que xa estábamos alí,
aos nosos séculos felices de cafés
tabaco, e nada de sexo.

un nome para o noso
sería un nome para os outros.

Alberte Lema

Descompromiso

o poema non quere problemas,
non quer falar do de fóra
que digan que fai un mitin,
quere ser hermético
e falar do mal tempo
(só do mal tempo)
promete que el non dirá nunca:
-eu estiven alí, con vós, no santo chan,
ten muller e fillos
e cátedra que manter.
pensa que as éticas
non teñen estética
as imaxes ideoloxía
a música
gana de invadir polonia.
pensa que o mundo está mal feito
-pero eso xa o sabíamos todos.
ás veces síntese so,
bebe,
ás veces deprímese.
-pura deformación profesional,
sorri.

Alberte Lema

Xa non te quero para sempre
non sabería explicar por que.
se non á deusa podería
amar á muller en ti.
(se non o lume, a calor)
deixar que o tempo vaia tecendo
a súa rede de sucedáneos
e mirar cara atrás un día
e que non saibas dicir.

Alexandre Nerium

Fogada

Que tampouco de min precisas vaga
se coa calma finada engorde afundo,
que arriba hame enxoitar o ceo da boca
para saborear o cruel naufraxio.

Nunca os ollos xamais acuartelaron
lombos lañados de navallas orfas,
sacudiron da rede a dor máis agre
aquela que a fogada en po trouxera.

Devalo tras devalo, ás apalpadas,
percorre cega o vendaval a ausencia.

Sabe das singraduras mutiladas,
das cadernas que esburacara a broma,
dese mencer ferinte polo sono;
pero do máis non críbel non se acorda,
do ignominioso riso da rompente,
dos exangües coídos, desangrados,
da xerfa que esmorece alén da néboa.

Nacerá nesta dársena outro ocaso
e ogallá que a corrente gribes ao norte,
que o rumbo endexamais se compadeza
e nos deixe chegar a un mar que rompa.

De Saloma dos coídos (inédito)

Amauta Castro

Escolma do tantra

Adicado a Ada, compañeira de vida e sorpresas

I

Da habitación só recordo o ritual prohibido que se albiscaba
na abxecta postura do teu corpo

Sabes

 a poesía padece un xogo deshabitado á intemperie

Acovardado e témero visguento de ti alomenos Eu
afastado da faramalla que te arrodea pretendería
osmar o ceo e de súpeto enxertarte
Degoirar as buguinas enrestradas no teu cerne
Asubiar da adozada cerviz os laños magoados
Despoxarte inversa a caivanca lene
do cadoiro agradecer aquel esteiro fértil como unha áncora en prisma acuoso
e se cadra verte gozar impar de min na distancia

un asexo

nun muxir de ónices e cristais de marusía
que me saben a mirto e desmesura pronominal

Do teu corpo a ondaxe trementina
envorcada nun leixaprén primario que che tece o rostro con engrelas de organza
Abatida rocha de abalar elefantina nun fondo pracer levado
ponte agora de couso a vogar
e dos nefres pinguenta a saliva esborrexida
cairá nun voar de melros rápida metálica espuria
e domeada dirás engorde monosílabos de inútil esforzo
cribando de ti o farelo en mil remuíños
nunha doa nun dolmen culminado tamén nesta histeria corpórea
nunha hermeneusis colérica

 /ubérrima máter en unión non-umbilical/

Amiga das pingas acedas que creban a tranquilidade homoxénea do aceite
(expresamente as non-suxestivas gaiotas laiaban no ar
ou avoitores de terra amosegando nos queixumes máis febles dunha cadea negra)
Transfórmame para glorificarte ardente e xenuflexa
tencionando de ti unha predilección táctil polo teu van acubillado
e un gozarte a caverna lorma lábil gorentosa
cun arreguizo no remol da túa garupa e romper enfermo
a rinchar anfibio nas túas costas combadas en ábsida en estrondo en escanciada poalla
para afogar nesa gorxa empadumada con branco verniz anxélico

Se inda o goce lembra en ti
restaremos achandados en abdome contraposto
co pacer lenturento
das ledicias que se abren

II

Metade cova espiñenta e seca que se esgaza en codesos ardentes metade
metade enxoval floral en esfarna liberada polo vento e o abesouro
Repouso anainado na fragancia boreal e succulenta de seu
aceda misericordia dunhas enaguas pródigas no almíscar que retén homes e peiraos
para alén do devezo e o horizonte

Quero dicirche alento de trainear bufarolas do atardecer brincos do demo paisaxes
inertes
que descuberto o óleo e as madeiras vibrateis do vimio novo
ampean cansos os lóstregos axitados polo corpo e a imperfección libertina
Dicirche quero verbo de distorsión palabra antiga quero dicirche
que de nós as mans gramen anceios nas paredes dos coutos
nos temóns da necesidade a liserxia con xeo
que queime inda as veas e o arume capilar do ventre crecho
prometendo un visguento túmulo de fervor vermello
para o desboque conturbado dos oureois que reaxen

Ana Cibeira

De raíz

Debuxa un círculo
cava un burato
atrápaa dentro
déixaa alí medrar.

Son fíos ou líquidos
as puntas dos dedos
que conforman as veas,
os brazos, as guías
do corpo, lazos dos desastres
das virxes suicidas.

Chapotea en novembro
tinta que mancha
a pel como medias
de cebra.

Chámame planta
Dame de beber.
Esquéceme un mes.

Á luz de súpeto
onde eu poida ver medio-morta
negriñas pozas arredor de cada pulso
a lúa en roxo brilla
como unha preciosa pedra da noite.

Andrea Núñez Briones

Máis intensidade

Devorei unha por unha as miñas rutinas
e agora xa me cansan as paisaxes predecibles.

Máis intensidade por favor.

Confeso rechazo de min mesma
e herdanza de escándalos,

- isto vén da miña raíz paterna,
cousa dos xenes, din-.

Cando chegaches,

as paredes escritas,
os medos ben gardadiños,
parir paridas para facerte sorrir

contabas non sei que cousas de días pasados, e todo o mundo sorría e bebía
licor, mentres soaba música experimental, porque é a que che gusta.

Eu, non entendía,
nunca o fixen,
pero a insistencia era dura, e son muller de pouca decisión.

Así sucedeu, de mala maneira,
e contra todo arrebatado,
pensei que eras Ti,
e xa non valían os agochados da rúa, sen saias cortísimas que subir paseniño.
Concebín máis grandes as cicatrices do meu corpo,
como se esas marcas as fixeras ti...

Logo da torpeza,
os peitos máis peiteados que nunca,
a boca cheirábame a menta de tanto beixarte.

Entón enténdino,
as Marías son mulleres malísimas ás que hai que terles medo,
igual que os Josés sen barba e acento nas “es”.

Nunca máis quixen sentirme orfa,
e reclamei piedade e clemencia
en cada movemento do teu corpo.
repetindo, unha e outra vez;

Máis intensidade, por favor, máis intensidade.

Ángela Tajés

Coido de ti
dous meses após o teu enterro, Mai.
Todo o que teño é
un retallo de malla estreita na volta do pescozo
-mangueina de riba do *container* dos gasóleos.

Ir polo mundo
con esta soturnidade envolta nunha rede calquera fai de un un esmoleiro.
Chamo polos peixes.

Sabes que me foi á lavadora o papel que tiña no peto?

-Cortar os camisóns de María
(seccionar cintura/ rachar o lombo/ encoller nas mangas/ todas as dobras cara fóra).

-IRUXOL, necroses, desbridante contra os incendios da carne.

-Inventar para María un pasado prebélico.

-Tinxir un vestido laranxa.

O que se pode facer para inocular máis poesía a unha donicela no aramio,
isto eu non o sei...

Ángela Tajés

[Égoa, teu bafo na caluga, teu bafo aquí. Empatar unha liana que me leve ó ascenso cunha liña coloidal. Véxote moi pequena]

Rebentar de cansazo matinando de vagar
no esperma da candeia.
A chama sulagada lentamente.

Pregúntolle ó calmuzo deste verán
se tiñas algún sentir sexual, prostrada no leito
mirando o teito
enxergando o espello do leito no teito
buscando unha fenda.
Se tiñas algún oficio, algún segredo (para min, aínda)
algún desexo que non pediras.

Esculcar no teu lombo o percorrido sanguíneo
barallo as velocidades.

Sei por que espernexas. Queres ovellas do sono.
As túas amigas que descenden e entran en ti.

Respóndeme. Por que quero baterlles ós gatos de febreiro
tronzarlles seu lombo esvaradío?

Antía Otero

Eu

son a mellor das feridas
e levo nos ollos
tatuado o cansanzo
Amo á derrota
que me esculpe
cada noite que volvo ao templo
mais non fuxo do presente
pois ninguén está a agardarme

Por iso gañei o certame
e a vosa face
quedou sen xesto
Non busques
na miña beleza a victoria
senón na decisión de saber ser
a mellor vencida

(do poemario inédito *O certame das amazonas*)

Antía Otero

Ás veces

mordo as unllas
até a sobredose
e agocho as mans
baixo das sabas

No medio das pernas

Esa
é a única mutilación
que me permito

(do poemario inédito *O certame das amazonas*)

Anxo Angueira Café London

A María do Cebreiro

café london
julio cortázar
perú avenida de maio case florida

quen escriba que nos poña
aquí
fronte ó caderno en branco
(aberto sobre a mesa)
á beira do bolígrafo pirata
(no seu papel)
pé do pitillito de gauloise apagado
(vinte mil veces)
aquí
que nos poña
nesta escena que pasa
intrusa insoportábel e doméstica
(a casa é o que amamos)
serenísima

non máis adentro
aquí
neste cruceiro
nesta sen popa doce tregua íntima
que lle damos á galaxia e ós astros todos
(os sonhos non descansan)
cortázar che
quen escriba que nos deixe
algunha noite roxa
caer entre unhas flores
os intelectuais parís son todos
latinoamericanos non
terceiro mundo
cuba aínda no horizonte
che cortázar
ergue os ollos
mozos que levas dentro
e verasnos
na outra banda

eu ausente
no taxi que arrincou
dunha praza outonal de palermo
(abril xa sabes dános estas cousas)
no taxi que non pode deterse endexamais

ela aquí
e estala de lume vendo
ela
esta miña mao de xeo que escribe
imposíbel e tan cerca
para o derradeiro round
postais desde Bos Aires
(fumamos)

Chus Pato

i

Da outra banda, onde se está a soas co tempo e o eu é un innumerábel que multiplica e se descentra

xa que esta narradora (a de Termidor) —que nin sequera ten nome e a quen a autora non lle renovou o contrato por inadecuada e inconsistente— non pode permitirse o luxo de non ser osmótica aínda que si usa gabardina.

O relato é autobiográfico na medida en que as palabras que o compoñen son biografía

a ferocidade escribe poéticas naturalizantes; o seu ralentí opiáceo, xeométricas.

ii

A tensión emocional é considerábel. Píde un grolo de J.B. Volatilízase (localízámola polo destello das botas, pero o rastro faise impreciso). Nin a máis ínfima parte da máis pequena medida de distancia entre ela mesma e o entorno: veladores de ambigü, conversas e sobre todo a fusión co receptáculo negro que é propiamente un teatro. As palabras, os treitos sintácticos, reverbérannle nos tímpanos, atéiganlle o ventre. Se isto —cinematográfico— que agora mesmo ve é prótese do soño, que sorte de tecnoloxía é o poema?.

iii

Por el, por Edipo, pola súa cute de alabastro, polos seus ollos verdes como un Nilo, polo seu corpo acobadado nas amuras, polos sons da súa harmónica esqueceu a fe xurada ante a razón, a confianza no progreso. Non foi entón cando aprendeu as virtudes do dildo e a equivalencia dos corpos.

iv

E ti, que non farás nunca coincidir os nomes e os obxectos.

v

Porque non recorda, anota. Glosa coágulos (na pel).

Altai, Iablonovi, Stanovoi (montañas)

Dafur, Kimberley (mesetas)

Orinoco, Mekong (deltas)

Challegger (fosa)

Obi, Ienisei, Amur, Huang-Ho

(ríos)

vi

E o delta, esa lingua de terra, plena de luz, que avanza

David Pobra

Cambio climático

A miña terra é húmida,
enche de bágoas os teus ósos
a miña terra é fin,
comeza a devorarte dende dentro

Onde vestimos roupa de sombras
para resgardar as saudades
non hai máis medo que ira,
e que o gris do ceo se filtre nos miolos

Onde de agachadas almas emigraron
conforme aparecían luces
nas cruces dos destinos

Sen respecto mudo polo descoñecido
veciño mundo que agarda
coa retranca de avernos feitos
feitos sobre lousas medio baldeiras

Sen imperio tolo que augas leva
a derrotas por terra do deus Pannn!
co lévedo inflado até o sagrado
graio de hostias queridas
consagrar

Alí, onde nin ben botábamos
nada en falta
[ou en branco
calando a corrosión

Alí, xermolou terra de hoxe
na que a reuma xa non roe
cando abertas gorxas berramos
NON!!
E xa non chove.

David Pobra

Bagos derradeiros

Odio, motor pasado de revolucións
engraxado por interese serodio e servil

A treixadura tamén se trilla
mesturada no barril da nosa suor
até conseguir a vitoria máis doce
e salgada

Gota a gota, caen as últimas mágoas
da prensa condenada
a restos da colleita

No trasfego saberán perdedores
de gran caldo
mais inda así, da adega fermentará esperanza

Polo San Martiño xa todo é viño
[e os porcos botan contas
do tempo que nos sangra.

David Pobra
Lébrate de min

Mexillóns durmidos na batea da noite
agardan indecisos o intre preciso
da recollida de almas,
cando arrincaremos das estachas
rutina gris salitre
para prosperar no escalafón
[dando a fe do corpo
cara a un leito de escabeche ou quizais
[deus non o queira
en salsa de vieira

A liberdade nas rochas,
baixo todo este metal

*Sous les pavés,
la plage.*

David Pobra Redescubrirse

Este ser pequeno
pola raza do que mora no peito
debería ser gris, de pel anódina
pupila pecha e escama áspera
Mais tras cada paso vou lucindo
máis azul
[encuberto por cogomelos ledos

Nesta fraga redescúbrome bágoa
a bágoa
[a segunda menos salgada
tornado un tanto celeste,
escapado deste latexar escuro
que emborrallaba a miña condición,
pose tan práctica
pola que veas propias reclamaban
o valor da alta nobreza,
a estirpe daqueles que coidan
do pequeno
para impedirlle sucumbir a grandezas

iso que nós, na nosa selecta minoría
nomeamos co tecnicismo
A pitufar! A pitufar! A pitufar!

Darío Xohán Cabana

Fragmento dun epítome de historia de Galicia

...mentres tanto,
os galeguistas conspiraban
fermosas democracias patriarcais
inzadas de labregos propietarios
e de intelectuais paternalistas
sempre dispostos a exercer
o seu liderado natural.
O futuro, sen dúbida,
sería un paraíso campesiño
cun certo aquel de cova céltica
debidamente despaganizada
e moita cousa franciscana jammes,
tal coma os versos de Noriega
e as froliñas dos toxos e a brétema ceguiña
e os dengues colorados e as vaquiñas marelas. Por suposto
non faltarían rexos mariñeiros
–impermeables ó anarquismo, Manuel Antonio fó-
pra tripular as dornas e as gamelas
que fan tan linda, tan saudosa estampa
contra o solpor das Sías. Cabanillas,
Pedret, Filgueira, Otero, Risco,
proclamaban a unión indisolúbel
da tradición católica
e a esencia da nazón galega,
que, como é ben sabido, consiste moi principalmente
nas flores exquisitas do románico
e no fillo de puta de Xelmírez como heroe nacional
–por non falar da fidalguía e a cultura dos pazos.
Eso si, ben deitaban
de que María Miramontes
non daba puntada sen fío,
e a cada puntada
saltaba unha letra das caixas de Ánxel Casal
pra compoñer o *Ensaio Histórico*
ou esa cousa de Mitteleuropa. Infelizmente,

non sabemos se a máquina da patriótica modista
sería ou non unha Refrey,
porque se o fose, o traballo fabril
do proletariado de Vigo –que, como é ben sabido, non existe,
ou non existe esencialmente, senón tan só por accidente–
estaría tamén na base material
de tanta floración espritoal.

Agora ben, o Bóveda
era o terceiro fillo dun operario carpinteiro
e dunha costureira de pobres con chambo de roupa vella,
aínda que levar levaba o belicoso nome de Alexandre
e non o de Xesús. (Mais a onomástica
nada quere dicir, pois Xoán Xesús González
–que traballara de canteiro
e sabía mellor có Xocas o que é un guillo ou unha buxarda–
chamábase Xesús e defendía
independencia e socialismo.)
O caso é que o Alexandre Bóveda
non desdeñaba ler de vez en cando *O Capital*,
e Castelao fozaba paseniño
–pero con moita forza no fuciño–
nos escritos de Stalin sobre o problema nacional
(e até lles daba a certos socialistas
unhas leccións marxista-leninistas
que non estaban nada mal.)

Elvira Riveiro Tobío

IV

(da serie "A vellez e a ponte")

Escuro é o animal que ao asalto
procura en canellóns o alimento,
escuro é o seu son, espido, lento,
cal ruído de cetáceo no mar alto.

Susténtase con febras de cemento
devora a ponte, o río e, dun salto,
engole quilómetros de asfalto
e títeres anódinos, cincientos.

O tracto non ten fondo, a fame é tal
que nace a canda os liques entre as pedras:
animal de calella, animal

de ruína comida polas hedras,
de ouriños de recanto e soportal,
animal que te ata en cando medras.

Esperanza Mariño Dávila

Mariña cálida do serán

*¿Cándo, meu tempo, cándo, me levarás
deica aquiles regatos choutadores
que van ós ríos, cantando en romería
e chegan até o mar grande e lonxano
arrecendendo a mirtos e loureiros?*

C.E. Ferreiro, *Onde o mundo se chama
Celanova* (1975)

Camiña a Corredoira do Bacelo
atravesando lene O Lapidio.
Rexo muro de pedra con herbiñas
e hórreo de lázaro antigo.

Que xa na extensa e húmida Xunqueira
se olla do sol o louro poderío.
Carballeira da Sila, brión eterno,
fugaz pousa antes de pisar Cabrío.

Dourada e calma praia da Lombiña
ou escatalado, profundo chíó
dunha vedraña gaivota do tempo,
o gacio areal sorprendido

coa Pedra da Moura donda, o vento
a albiscar; argazo colorido
e fresco, intensamente salgado
e sacasí, aínda fuxidío.

Rumorosos piñeiros e batume
mesto, recendo ao terrón bravío,
amarela corneta dunha infancia:
Feliz aquel que esquece o olvido!

Eva Méndez Díaz doRoxo
Tristeza non ten fin, felicidade si

¿en que consiste esquecerte?

bocas sen dentes e ollos baleiros.
autoestradas de formigas
que debuxan rostros
dos que algún día me falaches.

mesturas de leite e pan,
combinacións infinitas
para facerme muller.

¿máis alá?
astronaves dunha mente
para chegar a planetas
cos telescopios non ven.

bonecas queimadas polo sol.
punto vermello no alto.
depósito no que esgrafiamos os nosos nomes
para lembrar unha eternidade que non é.

Eva Méndez Díaz doRoxo
Luminiscencia. san xoán 0.0

saen as fadas aos tellados
das aldeas de asfalto
para coller estrelas que estoupan.

espacios baleiros.
fadas alleas, libres, soas.

Unha estrela enche o ceo:
palmeiras.
fervenzas de luz.

unha muller,
que ao baixar do tellado
pendura as alas,
e abre a man,
esquecida, fría, escrava.

Fátima Rodríguez

Anacos d'As nove secuencias do xogo da mariola

polo taboleiro deserto
a orde a desorde do tempo
debaixo do mosaico
téndese un areal como de felpa
sen piñeiros nin cunchas nin pingas de alcatrán nin goldrías vivas entre os
seixos das pozas nin pan para as gaivotas nin crispación de ás sen o lene
latexar dos longueiróns
nin cardos estrelados

nin farrapos de gaitas

nin voluble de dunas martirizadas por uns pobres ventos favonios
sen a pendente friable dos cantís

sen o coitelo das correntes mariñas

só

unhas humildes trazas de sombras
debuxan o camiño do setentrión
os ollos percorren docemente esta distancia boreal
docemente pretenden acadar os ollos
a chaira taraceada do taboleiro
falan con linguas túzaras salobres
así é o ton da ollada no litoral máis noroeste
nornoroeste
linguas de ollos que non se dan pechado
detidos como están na horizontalidade
na distancia agora menor e máis e máis exigua
na mínima distancia xa a cegueira
xesta os seus propios vultos
sombras de formas limpas de volumes
cor opaca a da ollada
verde con verde
non hai luz

só
a península temperada da cor

só

cor opaca espida
desposuída das súas criaturas
cor
escapada do código universal das cores
unha bâtega fina coma un velo
coma un velame arriado ou un sudario

só

este corpo disolto sobre a vaga
—non che hai
nadiña
de lus

o taboleiro é agora unha marana
e nós o rolo encorado no cadro
o cadro é unha illa
a illa dos mecos e dos maus de voalla
a illa que che nos foi golsar todos os loitos
na beiramar
do mar
da mar matriz

no matricidio

a illa dos ramalletes de loureiro pendurando das portas

a illa neniña que mexa por ela tanto lle teme ao mestre

a illa que che nos punzou o refoigo coma un enfisema a illa
ramificada noutras illas alveolada
no tramallo de veas a bombear teimosas
nunha memoria mesta verdella
zumarenta de algas esmagadas

a memoria
está
a
perde-
lo
pulso

agora andamos presos nun deserto de celas
presos nunha retícula de greda seca

arelamos ser lama máis ca lama
enlargar o trazado do xogo
do debuxo que che nos deixou ben cuarteada a memoria

xa non é de marana, que é de mariola
porque andamos de volta
pequenos
encolleitos
xuntiños coma ratos
escapando
da carreira estacional das constelacións

Fran Alonso

Abismo Vigo

dinosaurio diminuto con corpo de sireno,
desde a ventá da cociña déitaste
sobre os meus pés, adolescente, e vexo
as cíes, rande, san simón, o
cosmos para unha cidadanía salgada,
a lancha de cangas e berbés, con pelo de estropallo,
vigotízome coa luzada; almorzo no abismo
e descubro na túa luz incandescente o cheiro a fósforo
do peixe; maldigo as ondas do mar de aquí, que
é en min un estertor de trens e os ollos se me
nubran de cesteiros; coa alba semellas menos clandestina,
adeus tacneos solitarios, cidade; ti es parellas discutindo, pelexando
sobre o parqué ou facendo o amor, negociando, morrendo; endo emilio martínez
executado, vigo, mon amour, a finísima area do vao
penétrame a vida como nadador desde o balcón, e digo coche
digo limón, digo vigostreet nesta cidade de áspera pedrapomez,
fondo alento, algo inexacto cubrindo as rúas e un tráfico intenso de vehículos coas
luces da alma prendidas, barrios en sístole, polimorfa
emoción de castro caos, torpemente espirra, e olla samil
de relampo; meendiño contrapicado entra no peirao da laxe
e lambe a pel onde che medran edificios supetamente; nos dedos
arrabaldes; e diante miña: o mundo; océano e vou, bou eva, cidade convulsa e
vexo como ardías nos vitrasas camiño do instituto
santa irene; cantas veces vísteste e desvísteste coa lúa no probador;
esperanza amence agora nunha muller valente que fai tortillas
coma lapas brancas; porque a vida bule nas veas dos soños,
nerviosa, eterna, cando espertas espreguizada de rúas,
do letargo da noite, esmorecente, e agora,
agora, agora, ábrense outra vez
os poros do combate, esa tensión;
vigo,
vigor
adn,
esencia
e diario futuro de meu

Nota: Este poema foi escrito e lido para os actos conmemorativos dos 25 anos do Parlamento Galego.

Gaspar Domínguez

Cinsa

In memoriam FDR

I

Sementeira perdida,
azos que fan estragos,
patria morta que opera
nun inventario de sucos...

Viran tolas as grallas
o seu tempo no grao.
E ás veces, vendo brillar
un cuarzo nun penedo,
precipítanse
e rompen os seus bicos.

Terra adentro os cantís.
E no alto mar, da súa mao,
os desmontes da nosa singradura.

II

Nos aeroportos medra
a máquina expendedora da miseria,
en portas e paredes,
a sinalética da autodestrución.

Desde a altura
miras o mal na pedra,
a paisaxe no rostro
danado pola estirpe.

E ti levas na boca
o amor de todos os seus bicos,
na memoria que amence,
o tempo desta viaxe.

Marchas...
e de seguido, os vales
séntense liberados.
Trabúcanse...
é o baleiro
e mañá ha chover cinsa.

[Agora, nesta estrofa,
esgotámonos
e caemos ao mar]

Aprendérasme ti
a facer o morto
e como,
no decorrer desa paz,
aboiamos sen rumbo.
Tranquilos, sabedores
no mar calmo, no espazo
da nosa sorte nidia.

III

Patria é morte,
indefectibelmente,
un oficio de terra
sen consolo no lume
que nos queima.

Ao fin, marchamos sempre
cara o lugar da vella poesía.

Pasamos a vida
a falar dos barcos
e alí fican nosas dornas xeiteiras
comidas de arneirón.

Aquí nos tes, silencio,
para amainar a dor
no teu sosego
de laverças voraces.

IV

Érgome á noite
dun soño
para a vixilia
dunha nova estación.

Para escribir o negro,
para vivir o vermello...
Que fica da memoria?

Ao cabo, irmaos,
termos estado xuntos
alí enriba
para a vindicación dun amor incendiario.

O lume colleranos
atando a viña propia
estrande o suco aberto
pola eixada do pai,
soletreando o verbo
belido que perdura
e a palabra lastrada
polo esgarro da hora.

Con gume vivo e duro
esgazaranse as horas de despois.
Xa pertencen a outro eses minutos
armados no baleiro de nós.

Gonzalo Hermo González

Homenaxe a Lorca

So young so gone
Brett Anderson

Cando a punta do puñal arranca o ceo, F. A.,
quen desprega as mans para durmir a cidade no colo?
quen?
quen para xunguir a tona desta escada afoga a boca azul entre o pescozo e a
parede?

Na metade da rúa
catro bonitos incendian o asfalto.
Co lume do coiro e a calor da purpurina.
Soben os nenos pola costa do parque até morrer de amor no centro do
camiño
mentres as nenas sen bragas
xogan a ollarse a vulva no líquido férrido das pozas.

Bonitos de papel e de fume imantado
coa lingua partida
en dous
polo salitre.

Bonitos. Bonecos da cidade violeta.
Carne magra de pub
que cintila na estrada.
Aroma
heleno.

Pero quen, F. A., dirasme
quen
sabe morderche no lugar necesario cando a
gorxa se che embaza de saliva?

Ningún corpo aterra tan forte coma o meu
de detrás das portas.

Porque o ritmo da lúa
descoñece os delirios que argallan
o amado
e
o amante.

A paixón dunha pel que suplica que a fendan.

Por iso, F. A.,
ningún bonito
adora a túa boca fenicia de ave.

Ningún bonito.

Pero nós, amor,
arremeteremos abrazos nos calellos
para sentir as estrías da pedra
e tragar a súa luz.

Seremos papel no delirio dun corpo bonito.

Como dicía Brett
so young so gone
perderemos o rigor impronunciábel do silencio
e no bico da tarde
diremos, altivos: bonito bonito
bonito

Gustavo Harvey

Desde o fondo dos canos

destino a ningunha parte.
desde o salto ao baleiro a excitación apodérase de min
e ás veces o medo a ver o chan demasiado preto.
fume de cigarros
nubes estratosféricas
os baños da miña empresa recórdanme
aos cárceres cinematográficos
ruído ruído ruídos
e ti no fondo
recuberta de flores
de paz
e de chocolate líquido
e eu lonxe
aquí onde as serpes moran a miña cabeza
temendo ter perdido o teu corpo ao saír á media noite.
non corro no meu coche
porén voo coa mente até o teu regazo
ese lar no que desexo entrar e fundirme
en ti sinto morrer a miña apetencia afogado nas dúbidas
mais unha palabra túa bastará para sandar miña tolemia
esta fame de carne e felicidade.

Gustavo Harvey

O absurdo e a humidade

descende polo teu peito
cae ao baleiro
cun ruído húmido
mollando peles furtivas.
absorbo experiencias
miradas que negan calquera complicidade.
ti e eu só somos paredes de ósos e cemento
feridoras canto máis próximas
batendo baixo sabas e mantas de polen.
mel sobre as túas costas
lume que me domina
procurando terras por explorar.

recuberto das túas nádegas.

sol, karaoke no meu ollar.
lúa, sudoku na túa cama.

ti, batendo claras.
eu, chamando á casa.

Gustavo Harvey

So na grande cidade

Luces que non encontran un lugar no que brillar
Camiñando pola soidade da avenida ateigada de árbores e prostitutas
Descendo o camiño face o meu propio inferno
Un fogar quebrado pola intromisión do descoñecido
Un desexo de mellorar aquilo que non supera a idade límite
Unha misión case imperceptíbel
Aquilo no que sempre criches esvaécese
Como po no ar
E agora camiñas só pola avenida ateigada de luces
Preguntándote polas cousas que nunca verás
E cres que poderás mellorar os teus resultados en próximas ocasións
Se liche a Hesse é posíbel que o consigas
Mais creo que nin el mesmo o logrou nunca
E mesmo así camiñas desesperado polas rúas á procura
Percorres os teus camiños unha e outra vez
Os carteis mudan nas paredes
Mais ti segues sendo a mesma merda
Que continua deslucindo o pavimento da miña cidade.

Helena Villar Janeiro

Ese lugar extraño

*Pero el poema, ese lugar extraño
que a veces ilumina la tierra donde fuimos...*

Manuel Rico

I

Desfalece o *Heracleum lacinatum* en campos e xardíns,
e a cidade dispónse a hibernar como un oso
contándome o desexo
de convidar aquí ás Rías e aos Ancares,
irmáns perdidos na xeoloxía,
a que coñezan a tranquilidade do gran sono
antes de descubrir que cada flor
se suicida en cada primavera.

Óese a canción dun sami afiando ese vento
que as buguinas dos barcos enveredan na brétema
a camiñar no engorde dun vertixe infinito.

No Rica Ishavshotel aluguei por uns días unha fiestra
para mirar os ríos que pare a treboada no cimo das montañas
e afogan sen historia.

Tromso, setembro de 2004

II

As cidades gardan nos seus peinados un soño azul,
nos tacóns dos zapatos, un cadáver
e na papiroflexia dos seus seos,
un intocable disco de vinilo,
un calcetín impar,
un prato herdado,
un piano poirento,
un sutil arrecendo a especia exótica,
un segredo,
unha risa,
unha billa que pinga,
un neno triste...

Tan só Berlín
ten o teu nome escrito no cristal dun café
unha tarde de chuvia.

Berlín, maio 2006

Lía Santiso
A parella feliz

Esta noite cubrireme co vestido vermello,
preciso que o espello encomie
os contornos do meu corpo.
Envolvereime nunha nube de perfume
e terras artificias agocharán
os trazos de tristura do meu rostro.
Ensaiaerei o sorriso que mellor me senta
e non pararei ata que o meu cabelo brille
tanto coma o aceiro dos teus ollos.
Poñer tacóns para lograr estar á túa altura.
Esta noite
non serei máis que unha rapaza bonita,
para que todos vexan en nós
unha parella perfecta.

Lía Santiso

A cicatriz

Teño un corte de machada,
un fío de sangue seco,
un zurcido de costureira inexperta
que aos ollos de todos sinalan o camiño
entre o meu centro de gravidade
e o meu centro de pracer.
A chaira do meu ventre foi
emporcada para sempre
por un avultado sendeiro.

Doces verbas dos teus beizos
tentan trocar a imaxe do espello,
mentres, os teus dedos, máis sinceros,
xa non me percorren coma sempre.

Lorena Souto

A través

Será que estamos condenados a vernos sempre a través deste cristal? Confundir tactos e sabores nunha friaxe clara que nos desespera polo que ten de evidente e de imposíbel.

Sen buscar, aparece algo ao lonxe que cres recoñecer, no que te ves simétrico e que te apuras a tocar cos dedos do estómago e da lingua. Nin podes nin deberas querer borrar a parede que che impide fundirte co teu outro eu, coa poza na que buscas a túa cara distorsionada. E sábelo.

É crucial entender que o límite se estende dende o punto exacto que es ti até a marca que delimita a cada outro, este é o espazo que nos separará durante as moitas veces que nos atopemos.

Nin te coñezo nin sabes quen son,

mirámonos dende o outro lado e pegamos os beizos ao vidro para sentirmos máis preto do que ningún.

Ti e eu buscámonos polos laberintos entre os que nos construímos e que intentamos descifrar para o outro. Cantas veces as mesmas rúas escuras? As mesmas palabras sen horizonte? O brillo nas cuncas baleiras?

Ao final do teu tunel estou eu, achegámonos e corremos paralelamente, rozando cos dedos a palma fría do outro que cremos tocar, que me ofreces para acompañarme nas sombras, para que eu non caia e ti te orientes na nosa cegueira.

Lorena Souto
Refuxio inhospito

*Allí destruyo con brillantes piedras
la casa de mis padres (...)*
Blanca Varela

O refuxio inhospito que lembro
non estaba máis vivo nin era menos pesado
do que esas tardes de tormenta
nas que o aire te sepulta
e o cheiro doce a terra mollada
pula por arañar os pés morenos.

Non hai ruídos que me traguen
nin que me alivien de estar en min mesma
como non debera estar, alí.

O río méxeme ao invocalo
coa dozura coa que o mar dorme afogados,
circunscribe os soños
ás curvas que se ven dende a fiestra de atrás,
e todo fica asfixiante no paraíso dos pais.

As árbores-xoguete da carballeira,
a afabilidade das vacas mutiladas,
as formigas en procesión, comigo
Poderase beber a auga bendita?

Móvome entre os camiños que entran
e saen da aldea,
entre as sombras que as nubes
proxectan nos xogos máis inocentes,
e busco as horas que se me derreten
entre o chumbo da cotidianidade.

O val que amo e me tronza
non agarda polas miñas batallas
nin lle presta que mate a papá
pero abrázame na súa crisálida
e pídeme que fique suave no seu peito.

Alí son a súa boneca amada,
feita de raíces e follas secas,
e el o refuxio de barrotes dourados
que me salva da miña vida.

Manuel Xosé Neira

Lúa picassiana, branca

•Paul Valéry dicía que o primeiro verso do soneto era un casual, o resto traballo. Ler este texto en parte en dirección oposta ou contraria.

- Lúa branca.
- Lúa amarela, limón, laranxa sobre as figueiras rixosas (bíblicas) do arrabaldo.

Lúa verde de Zaqueo, de Natanael.

Contigo, ao te elevares branquiña e sensual sobre da cidade,
Noctívaga, inquisitiva coma no texto leopordiano,
(o globo de lume de Paul Klee disipando todo rastro de neblina),
ao penetrares, insinuante e esculcadora, no bosco
de sentido citadino
de bedureiros gascóns con perla,
viviamos dento da realidade dun soño, un fanal de pan.

Ouh, cuase, a penas, lúdica lúa lucidía. Ave plenísima e mística
entre nubes negras
e aves marítimas, ameazantes, tal sorriso docemente irónico,
algunha batendo contra os faros.

Lúa amarela, limón, laranxa sobre as cobras ferruxentas.

Lúa soturna e sensitiva, tal sorriso docemente irónico.

Corpo amante, un algo tutelar. Muslos, coxas coma ríos, fuxidíos.
Grandeza do amor: lúa virxinal e picassiana, vidrosa dun licor
Simply Red. Lúa serea. Calma.

TEMPLO, para un regreso ao carazo da infancia:

á fonte de carriza, entre floresta magnífica.

Es a sorpresa coma de neve sobre as casiñas,
fariña nos tellados pimentelianos do arrabaldo, impresionistas,
-o globo de lume de Paul Klee-.

Unha raxa de melón brillante e doce

Dun cock-tail manaelantoniano sobre o circundo -en gallas-.

(Cabalo luar de trote, suave, dondo
trae as azucenas de Juan Ramón Jiménez
nas cargadas alforxas).

Había un violoncello, bambeando, colocándose,
ás costas das mocetas, incómodas,
entre paulonios,
orquestrais.

Todo un cello de Strawinsky entre paulonios,
abruñeiros, magnolios. O xardín-Strawinsky.

-Un haiku Novoneyra-

•Lúa amarela, limón, laranxa sobre as figueiras rixosas
(e bíblicas) do arrabaldo.

Lúa verde de Zaqueo, de Natanael.

María do Cebreiro

Lisboa

Do estranxeiro dixemos
que non era un país.
Lonxe de todas partes,
como medir a idade
das nacións?
Inútil pretender
que nos escoiten.
Dentro ou fóra,
quen pode facer nada?
Non estamos no certo.
Temos sede.

Mentres, pasan os trens.
Mercadorías.
Aínda, ás veces, o gando.
Vai calor, e no metro
somos abenzoados polos pobres.
“Deus a salve, menina”.
É apenas unha fórmula.
Quen quere a salvación
habendo a perda?
“Morrera tanta gente,
lá na Espanha”. Galicia
non é España. Non fala
das colonias. Non ten azos.

As beatas baixaron
na primeira estación,
na misa do domingo,
hai moitos anos.
Nós estamos na última.
Aboliron a mágoa
(aínda bo foi).
Pero nin tan sequera.

Na camisa amarela
do crítico de arte
fago a sopa de letras.
Non era un anagrama.
Está todo clarísimo: YSL.
Alguén dixo *no logo*?
Dá clases. Vén de lonxe.
A min que máis me ten.
Só lle gustan os filmes
de Oliveira.

O acento vólveo todo
máis estraño. “Seica esta noite
queres ir ao hostal”.
O confuso é o próximo.
Convite ou ameaza?
Unha raíz sen fondo.
Desengánense:
non hai linguas irmás
e hai que ter certo estilo
para facer que un taxi
se deteña aos teus pés.
Pero o transporte público
non para nin que o maten.

Clase traballadora,
devoramos os restos.
Non hai fin de semana.
Non hai fin.

Do libro inédito *Non son de aquí*.

María do Cebreiro

Cascais

Borran coa man dereita
o cal dos muros
e coa esquerda subliñan
a palabra memoria.
Lembrar á forza é
como chorar sen ganas.
Sindo Monteiro, vivo
nunha frase, dentro desta
conversa, neste tren.
As cousas non caerán
polo seu propio peso.
Averiguar o nome
que abre as fiestras.
Intervir con violencia
os monumentos.
Rematar unha carta,
recusar un convite,
borrar o último verso.
Non dar orde:
facelo
coas túas propias mans.

Do libro inédito *Non son de aquí*.

María do Cebreiro

Sintra

Cada pequeno sitio ten un nome.
Viven ben. Venden cousas.
Madrepérola, vidro,
produción industrial
por se nos aburrimos do presente.
Tendas de antigüidades,
lentes máxicas.
Sigamos avanzando.
Nesta concentración
tan grande da mirada,
é posíbel crear un mundo novo?
Lendas de prata
esvaran sobre os muros.
A chuvia non coñece corrupción.
Ama as fendas abertas dende sempre.
Os fentos deixan rastro,
deixan que o día conte
a súa razón.
Hai museos repletos de xoguetes,
hospitais de bonecas.
Tanta folla de lata para que?
Os cativos deseñan estratexias
riba do taboleiro.
Era a guerra, era o asalto.
A miña amiga dixo
“os ourizos aínda estaban verdes”.
A verdade é que as cousas
teñen pinchos
e os parques son lugares
para a fin de semana.
Estando meu amor alén da raia,
como non vou odiar
as alamedas?
Pois terás que pechalas.
E cando? Preguntei.
E eu que sei, respondiches.
Turismo, terrorismo.

Do libro inédito *Non son de aquí*.

María do Cebreiro

Norte

A chuvia era o resumo
e nós o prezo.
Paguei a miña parte.
Canto á cidade, deunos
exactamente igual.
Viñemos tantas veces.
Eu non me perdería
nin cos ollos pechados,
pero prefilo abrilos
para verte.
Conto as horas que faltan.
Eu no teu autobús,
ti no meu tren.
Por máis que chove
nunca nos mollamos.

Do libro inédito *Non son de aquí*.

María Lado

Do libro inédito *Nove*

así doe novembro.

así doen as moas apertadas contra ti, coma un barco,

unha traxedia para un pobo

ou o recordo dun membro fantasma. doe

porque non te das ido aínda que marcharas,

e non hai bálsamos para o baleiro dun amputado.

nin sequera doses xustificadas de codeína

contestan as miñas mensaxes.

nunca preguntas.

por min. nunca preguntas por min.

así doe a praia na que nos coñecemos.

toda ela cábeme espesa nos petos do abrigo

e entérranse as mans entre as cunchiñas, facéndome cortes.

sabes que sangro polas mañáns?

pequenos cortes invisibles que deixou todo o que vén despois da marea.

así doe novembro,

e máis.

inmenso.

onde o mar rompe contra as rochas

novembro doe inmenso.

alí é onde máis manca

que non che sexa

nin sequera un recordo.

se acaso os soños as visitan,
é **ritual** das mulleres máis novas da illa
convocar aos que alí moran en lugar abrigado.
e para aviso
á porta de cada casa
sinais en segredo que codifican a cita
e que poden ser lirios,
semprevivas, acivros ou gardenias,
que deitadas desta ou outra maneira indican
o lugar exacto
onde relatarán o soñado con precisión de detalles.

é ritual das mulleres
porque as súas mans coñecen as redes

e é só con eses aparellos
que se pode ter conta das palabras

pero non é tan sinxelo.
cando as mulleres soñan
as gaivotas son enviadas polas tempestades.
en poucos segundos,
exércitos excitados de aves cobren o ceo.

esa é a verdade.

despois fan os niños sobre as casas daquelas que aínda son fértiles
e enmarañan os seus berros nos tellados.

ningunha outra cousa se escoita
durmir é imposible
as lúas non chegan a encher
as mareas nunca abalan ata calmar
e a falta de descanso arruína tamén os nacementos.

esa é a verdade,
todo se vira contra os habitantes da desesperada.

a clandestina posibilidade
de concibir a ilusión do descanso.

aínda que oculten co seu xesto
todos aquí perseguen
madrugadas sen lúa,
cando o horizonte atrae buques silenciosos,
naves que adormecen o mar coa súa caricia de seda.

o seu paso lento, cego
é quen de penetrar brumas
que gaivotas e outras aves tecen
para silencio de novembro

cargan
a pálida
amarga carne de morptheo

na illa agardan.

pacientes en ringleiras sen outra ansia e nas súas mans
centos de avelaiñas
centos,
en cativerio de cristal.

pestanexos entre a néboa,
que recortan a figura da terra.

así os barcos arriban
farois vermellos sobre as augas –sinais dos mariñeiros–
estrelas caídas coma pímulas
sobre a boca aberta do océano

-ben sabes
que en realidade
toda angustia é parte dun malévolo plan,
sentimento semellante ao da vinganza-

mais se por calquera acaso
-ás veces ocorre nesta terra de miserias-
por calquera argucia do destino
as naves cruzan
e non se deteñen,

nas semanas seguintes
a ameaza do insomnio
pendura das trabes das casas.

detén os pulsos.

ventura a dos amantes, tan secretos
que descoñecen as súas linguas de estranxeiros

que sendo alicia
varios anos máis nova que o doutor,
aínda así,
todas os venres o tren.
as paisaxes que alongan a sombra das horas.e máis alá do mar,
aínda vilanéboa,
case illa, unida só á terra
polo estreito paso de armark.

ventura de alicia,
vinte anos máis nova que o doutor,
e aínda así, sempre o tren
que detén o seu pulso minutos antes de que atardeza.
e ela, que apura o camiño ata a antiga torre da luz
para el,
que agarda,
coa puntualidade do océano,
do sol sobre o océano.

tamén ela que entra como a brisa
para percorrelo
e todas as tardes de venres que se visitan
chegan para amárense a peniñas coas xemas,
sílabas escollidas da súa lingua de fronteiras.

ventura do día
se amence para o doutor en alicia
porque alí se detén máis doce,
e tamén os trens viaxan máis tarde.
e máis alá do mar, alicia
ensínalle unha palabra pequena,
que enreda nos cabelos revoltos da despedida.

o seu nome,
que o seu nome era secreto
e só ela o coñecía.

Marilar Aleixandre

A pegada do tempo

muxindo a pegada do tempo
María Mariño

era a pegada da vida
que non daba refixeira
o ritmo disonante dos cascos dos cabalos
escachando pentámetros
o primeiro bico agrelando entre as altas herbas

porén escribiamos textos
en xéneros discursivos subversivos:
no tumulto das sabas
cos dentes marcabamos a cuñeira
o exacto contido temático
na pel núa
a falta de revistas de poesía
axaldabamos a lírica en panfletos
a dialéctica impoñíase sobre o dialóxico
a lombos de multcopistas roubadas

agulletadas na pegada do tempo,
o xénero escoando entre os dedos,
non podiamos saber
Mijail Mijailovich Bajtin
que estabas morrendo en Moscova
o sete de marzo de 1975
cos vietnamitas ás portas de Saigón
faltando cinco mortos
para que ao dictador lle cadrase a conta

tras beber o amargo pouso do tempo
que difícil saír da auga
desde as profundidades abisais
aprender, xunto con celacantos e peixes pulmonados,
a respirar aire

trincar nas palabras novas, no novo tempo
coas innúmeras fileiras de dentes
ser rexeitada polos cuadrúpedes
esqueiroada da touza de peixes

resistimos
muxindo a pegada do tempo
cos dentes

Marta Dacosta (1966)

Nacín aquí.
Aquí onde o cemento
desterrou o mar.
Aquí onde afogan as ondas pretéritas,
na xordeira do tempo que negamos.

Aquí vin ao mundo
mentres a vida era río de sangue imparábel,
río a esgotarse lentamente,
río sen dique
e eu unha illa.
Aquí vin ao mundo
con pel de escamas e mans palmípedas,
medusa de argazo fosforescente,
peixe lúa extraviado na superficie da vida.
E aquí
recollín un a un, na patela da alma
os peixes da memoria dun século.

Coa tataravoa pobre por vontade,
namorada do sal do mar, fada farturenta,
eu viña ao mundo.
Co avó que, tan novo, foi barqueiro da illa maldita,
remador e carteiro das palabras negadas,
eu viña ao mundo.
Coa mudez de Pepa
pola vida roubada
pelexo de cazón a desfacerlle as mans
eu viña ao mundo.
Coa bisavoa navegante en noites e tabernas,
a que no lance trae a vida e o amor
eu viña ao mundo.
Cando o outono era maré alta,
mentres o martelo paría pedra
e o peixe nacía entre as costelas,
eu viña ao mundo.

Miro Villar

Soneto Habana blues

Outra fisionomía polo tempo estragada,
gastada no traxecto dos días e das horas.
Qué outro mundo feliz, qué infancia rememoras?
Qué misterio profundo se agacha nesa ollada?

Habana patrimonio, capital derrotada,
esperanzas que mudan en sombrizas demoras.
De brazos resignados, porque ti nunca choras,
vindicas o futuro, xornada tras xornada.

E aproveitas fragmentos diversos das ruínas
para restaurar vida, construír movemento
e avanzar lentamente no rostro que endurece.

E agardas que un fermento rebente nas rutinas
que fixeron das rúas lugar de pensamento
onde o día entretece o que a noite destece.

R. M. A.

Ergueita na penumbra dun cuarto
arrinca o seu malogrado corpo
do estéril leito onde o inimigo
volve as costas ós seus máis profundos desvelos.

Coma autómata sen rumbo firme
avanza pola rutina dunha vida
a penas purgada pola sacralidade balsámica
que evade fugazmente o seu esgazado espírito.

Filla servil, nai marxinada, esposa repudiada,
vida incapaz de ser chorada,
lavada diariamente con mans de criada
que tende anhelos na fráxil corda da esperanza.

Odio, rancor e desprezo,
resentimento asomado tralas flores dun aniversario
murchas ó non atopar ese osíxeno
que falta na súa resignada vida.

Dama dos enfermos doentes
ós que por dar alivio se desvive
desoíndo na súa gratificante tarefa
os agudos quebrantos das súas aniquiladas entrañas.

Paraíso salubrífico e escravista,
ansia de liberdade pecaminosa,
sacrílegos pensamentos dunha alma
condenada en vida á desdita

Ceo cobizado con fervor,
paz inmensa que sepulte para sempre a súa dor,
doce tumba tocada polo compracente silencio
ó amparo dun ciprés que a convide a ascender.

Roi Vidal

5 Haikus pornográficos (ou unha canción que non é deste verán)

*Non son guapa nin fea,
son violenta*
Lupe Gómez

ESPECTÁCULO

Arde o monte
coa alegría dun parque de atraccións
que non é o de Cerceda

Quero ver a música

BEACH

A morte pesa nos bermudas
como un estriptease incompleto

NAMI

O que ten de seu o surf
onde nunca poderemos penetrar

SEXO ASTRAL

Todo o que se achega a un burato negro
desaparece

TOTEM

Falo
da destrución

Hiroshima

mon amour

Roi Vidal

Réquiem, outro réquiem máis

Europa onde o ballet clásico
podería verse como un conxunto de técnicas
que pretenden presentar como posíbel
a idea de que o ser humano
voe

Imaxinen en América á vikinga Bjork
e o seu desgarrador combate contra Chavela Vargas
o choque de civilizacións
e unha ambulancia que berra como se puxesen un micrófono na boca do enfermo

En África sorrimos co corpo

Dies Irae, é dicir, dicide se iríades alí

ou chegará a fin
das catro estacións

ou morrerá Vivaldi

ou un espectro galego que anda a percorrer todiño Reykjavík

Rosa Enríquez

Os ritmos do desprezo

I

existe un sitio no que respirar é un privilexio. tamén existen brétemas e néboas que viven dentro de nós. logo hai ceos de cor rosa e caramelos azuis pero nós estalamos cristais como bombas que prevalecen sobre a infamia.

II

existen peixes sen boca. medran no plancto das baleas. as algas das profundidades acariñanlles o corazón nesa xungla de corais efervescentes. ás veces cantan na boca das sereas pedindo aínda máis mar. eu tamén pido mar na noite ausente. Como en-fada-da.

III

o privilexio de morrer métese nun recanto escuro. os peixes fican en silencio coa boca agochada nas palabras dos cánticos. esvaran fuxidíos. non entenden.

IV

muller perdida nas nubes. bota lama noxenta de amor e desgrazas. deixou os dedos na mesa da cociña. non consegue coller a man de ninguén. sempre que pode ata as cousas con fíos de seda. eu pretendín suxeitar liberdades, agatuñar o amor ás paredes íntimas. fiquei sen especias. nada teño que vender.

V

amputada polo abandono outra muller perdeu a perna esquerda e non pode anoar ao amado máis que cunha perna soa. parece que o ama menos... quere berrar desexos como pólvora estourando coa perna que lle queda. non interesa unha sensualidade tan rudimentaria.

VI

cega. a serea urbana non pode contemplar a lúa cos ollos metidos alá no fondo das
teas máis escuras. só intúe realidades, circunda os
contornos porque non se atreve. non ousa. non fai
pé nesa maré de cementos. eu merquei ollos de cristal nas verbenas. non vexo
nada.

VII

sete cánticos coma sete bocas abertas e sete ollos masturbando a apoloxía
mediocre das iconas. sete ideas esnaquizadas nas piscinas chanel agochadas nos
fargallos.
traficantes de órganos que enchen as cabezas dos que ficaron aínda coas
orellas postas no seu sitio. peixes batendo nas rochas toda a impotencia.
eu pensei mercar unha coroa, fun
unha traficante máis da debilidade.
agora estou aquí amputada de silencios. sen
mácula. metendo todo o desprezo entre sílabas.

Suso Bahamonde

Do libro titulado road movie

I

O outono
trouxo consigo litros de gasoi.

Sentabámonos
no centro dos moteis
e esparciamos
litros de fotografías polo chan.

O mapa das nosas vidas
ardendo
no centro da alfombra.

II

Como se non o soubese...

quixestes construír
un acuario no coche
como parte de nós.

Recollías
a cada sol
cantos, amapoulas e metal pesado
que ías gardando pouco a pouco
no meu peito de enfermo.

Unha fauna no corazón

Despois
tan só tiñamos
que agardar que chovera
por nós adentro
e comezar a nadar.

III

Chegamos ao océano
coas primeiras luces
dos esqueletes dos barcos.

Ti durmías
sempre
cos ollos abertos de soñar.

Aluguei un mar
para ti
e baleirei o noso acuario
de fracasos, amapoulas de verán
e o meu peito enfermo.

Residuos marítimos
que habitaron
por sempre no teu mar.

Despois,
dormir
xunto aos teus ollos.

IV

Abrigueiche un mundo de palabras no teu corpo.
Fixen de ti o animal máis fermoso e perigoso.
Durmín no teu ventre escoitando todas as mareas.
Coloqueiche un océano na mirada, atrás da cabeza.
Fotografieiche millóns de negativos ao longo do camiño.
Fixemos do sol parte do outono nos tellados.
Capturamos a neve, a máis fermosa, a que dura medio sol.
Almoreiche espida entre o vento frío do norte.
Soterreiche profunda, entre o misterioso costume diario.
Regaleiche un océano.
O teu
mar.

Xabier Xil Xardón

escribir cada vez
aseméllase máis
a botar petardos

no deserto

que se di

nación

coma quen se viste
de domingo

fogos de artificio
para un exército
invidente

(APLAUSOS,
por favor)

bombas de palenque
o día calquera

palabras de fogueo

un placebo

Xesús Rábade Paredes

Interiores

A Ramón Lorenzo

I

Se me pides razón de por que canto,
darei que engano a anguria que me come.
Conxuro o bicho cruel que me consome
tratando de fuxir do seu espanto.

Tezo palabras quentes coma un manto
para que o seu remol dentro me tome.
Axoto o corvo azul. Póñolle nome
á sombra vouga que me pesa tanto.

Se acaso o frío astral che toma as veas
e se xa non hai lume que te quente
porque foi aniñando dentro a morte;

se miras no teu fondo e te mareas
porque se foi cegando todo abrente,
entón xa non hai deus que te conforte.

II

De volveres nacer, escollerías
de novo o tempo lento do teu Norte:
o Mar de chuvia e sal, pródigo e forte,
e a mansedume maternal das Rías.

De naceres de novo, pedirías
o lugar mesmo que che veu en sorte,
os máis queridos que levou a morte
e casa igual, con certas mellorías:

Libre de arrendo e libre de tristeza.
Limpa do medo e da mudez que aterra.
Farta de pan e libros con largueza.

O mesmo amor á fala. Apego á terra.
Menos resignación ante a pobreza.
Todo o desprezo aos criminais de guerra.

Xoana Fernández Monterrei

Como ser unha grande escritora

(a imitación de “Como ser un grande escritor” de Bukowski)

Tes que comezar nova, moi nova, sabes que todos eses homes perden o cu polas rapaciñas que saben usar palabras raras e se moven sensuais por entre as páxinas.

Tortúrate, neste país son as mulleres as que cravan cravos e sofren terriblemente, e apretan os chisqueiros contra o brazo ata marearse co cheiro a carne queimada.

Ten unha moza canto antes, unha namorada da que poidas escribir, pero nunca

vaias obsesionarte ou ser de veras lesbiana, é sabido que todos eses homes non soportan aquilo que non poden ter e ti non deberas pechar portas a quen ten poder sobre os pomos. Confórmate con bicos fugaces antes dos recitais, con insinuacións que fagan ferver ao auditorio (cambia de namorada a miúdo), canto máis os excites mellor sentirán a poesía e nunca han de esquecer o teu nome.

Non deixes de tirarte a algún deses homes de vez en cando, ninguén soporta que outro se atraque a pasteis diante del aínda cando non teña fame.

Frecuenta os hipódromos, ou as manifestacións, que para o caso, e aprende a gañar, calquera imbécil cun Gran Diccionario Xerais pode aprender a ser unha boa perdedora, o fodido é aprender a gañar, custa anos e as mulleres como o país, nunca gañan de todo, ou sinxelamente nunca gañan.

Tampouco te excedas coas manifestacións, para iso tes a cervexa continuo sangue, e chega a molestar que unha rapaciña aspire a máis doses de autogoberno, independente como se foses Galiza non has chegar a nada.

Fica coa cervexa e co Xerais, e cando todo caia
pégalle duro a esa cousa, pégalle duro e pensa
que todo é un combate de boxeo, unha carreira,
unha manifestación e que soas aquelas duras pesos pesados,
cadelas vellas do ring, que soas
sen esperanza
sen cervexa
sen comida
sen moza
en habitacións abandonadas
a Virxinia Woolf, e Rosalía e Rosalía e Rosalía e tamén
estas dos noventa e máis aquela outra máis vella.

Ou pensa mellor como lle había gustar ao vello Hank
que lle fosemos mexar na tumba, agachadas coma indíxenas parindo.
E nas cadelas vellas do ring da vida, a golpes con eles,
a Susan Sontag, e a Frida Kahlo, e Blanco Amor, e a vella Simone
sometida ao virollo, e máis Chus Pato, que soas sen esperanza
sen cervexa
sen comida
sen dereitos
en habitacións frías
e seguían pegándolle duro.
Se non, non estás lista,
pero vaite apurando
porque non hai tempo.

Xosé Luís Santos Cabanas

A Constante Liste, arxina xido e Vedello Bate de Teo, estafado no luceiro de estafamorio de 1936.

A Constante Liste, canteiro bo e Tenente de Alcalde de Teo, asasinado no ano da morte de 1936.

Caifós escainaron coma lumias acalmadas por escurias dangres
Reloxos racharon coma farois golpeados por mazas grandes
Oreta degranxo repula escurriou no mouto e nende goreaba
Auga moi fría naceu no monte e non cantaba
Nende se entalxía xambrear a oreta repula no mouto de raula
Non se escoitaba escorrer a auga fría no monte escuro
Samarúa abatida da toa estafeira xarou a oreta repula que escurriou no
[mouto de raula
Compañeira silandeira da túa morte foi a auga fría que naceu no
[monte escuro
Trefes coma pacheseadeiras clavucidas en vixos de purria xurufe
Ruíns coma agullas espetadas en ollos de muller bonita
Aghives xaraban os ghruños nende-xilóns que te estafaron
Así eran os porcos non-homes que te mataron
Nende-xilóns que abismaban de ñurre
Non-homes que miraban de esguello
Trefes xaraban coma cermión trefe de chacurros do mouto estafados
Ruíns eran coma unto ruín de cans do monte mortos
Enxameas de cutifarras aferpeladas de verdeo dos samarúas máis xidos
Enxeñeiros de navallas vestidas de sangue dos compañeiros mellores
Llastían escainas nas soas galrúas e verdearon richivaus en raulas de
[nusca
Levaban mentiras nas súas bocas e ensanguentaron ventos en noites de lúa
Imes encatifo cara vobis orifos de areón dangres corruñindo as vosas
[ganchas tefes
Eu boto cara a vós ouriños de boi grande lembrando as vosas mans ruíns
Samarúa xido xara o papiloso ou arría de arxina pra corruñir o conxeleme
[de Ameneiro

Compañeiro bo é o papel ou pedra de canteiro pra lembrar o concelleiro
de [Ameneiro
Trefes motos catrolos tufaneiros abarcados de xanxonas da estafeira ñurre
[galrúo
Ruíns carneiros maliciosos escopeteiros preñados de moscas da morte
[esconxuro
Encatifo aquives oreta dos imes vixos no curruño do arxina xompaina que
[estafaron humanos bixairos
Boto aquí auga dos meus ollos na lembranza do canteiro compañeiro
[que mataron homes covardes

Imma López Silva

Ser ela

Poderías ser ti perfectamente. Xa reparei en ti nada máis subir ao bus. O teu pantalón de pana. O poncho de flores que levas. A túa chaqueta rosa. Eu xa me fixara en ti. Agora ti tes os ollos pechados. Pero dende que subín ao bus ata que arrincou, miráchesme dúas ou tres veces; nunha delas as nosas miradas cruzáronse por un momento. Poderías ser ti perfectamente. A túa pel clara, a túa cara dividida en dous cantóns de etnias diferentes: unha de acenos doces e outra claramente antitética, dura, con ese espantoso queixo que te caracteriza. Mentón de cu, chámoos eu. O pelo corto, case masculino.

Agora vas absorta, contemplando a paisaxe de cinexín a través da ventá do bus. De cando en vez pechas os ollos. Non me miras. Pero sei que sentes a miña mirada cravada en ti. Nos pequenos aros de ouro que levas nas orellas.

No asento de atrás un home con gravata dorme. A El só o vin unha vez con gravata, nunha foto dunha voda. Ela tamén saía. Por iso sei que ti non es Ela. Porque nin tes o pelo extremadamente curto nin mentón de cu. Porque non tería sentido que estiveses neste bus a esta hora se foses Ela. Porque Ela agora está con El. Porque hoxe é o día no que El regresaba canda Ela.

Din que as plumas que hai pola autopista están invadindo a Península. Pero eu non vexo ningunha, non debe se-la época. Só moitos toxos, *tojós*, *azulagas*. E árbores. El hoxe volvía con Ela. E Ela poderías ser ti perfectamente. Miráchesme e viches algo nos meus ollos. Eu agora só vexo unha cousa. Un hórreo. Viches nos meus ollos unha sombra. Durante unha pequena fracción de tempo dubidaches se o que sentiches ao verme foi realmente medo. Medo da miña mirada. Da expresión dos meus ollos, das olleiras, da harmonía perversa, lúgubre, misteriosa do meu rostro, que está cansado e vello. Hai tanto que non durmo...

O home segue a durmir. Hoxe El durmirá con Ela. E eu regreso á casa. O home ten a face orientada cara ao teito. O pescozo completamente estirado. Cando acorde terá unha postura. Agora abres os ollos. Palpabrexas. Non es Ela, pero poderías selo. E ignoras que nada máis verme entrar debiches tirarte aos meus pés e bicarmos. Porque por mín, hoxe ti estás con Él. Porque, a cambio da miña vida, recomenzas ti a túa de mentira. De xoguete.

Vacas. Contemplo o meu reflexo na ventá e dá medo. El é un fillo de puta, pero qué se lle vai facer. Porque non responde ás miñas mensaxes nin ás miñas chamadas, e rara vez chama por iniciativa propia. Ti, que non es Ela, tes o nariz curvada, de aguiá. Lémbra-me a unha profesora que nunca

me deu clase. Ela tamén é profesora. Non sei nada de ti, pero Ela é unha imbécil. Unha inmensa estúpida. E eu máis, porque por causa de El, ódioa. E ódioa tanto que se foses Ela, seguiríate ao baixar do bus. Ocorrémese un par de formas de quitarte do medio. Pero teño o coche escangallado. Cousas do alternador. E mañá será o embrague. E pasado o cambio. O caso é que me vai comezar a seguir o cobrador do frac. O primeiro coche de El levaba o nome do meu. Pero era un modelo máis antigo.

Agora si que vexo plumas. Entón que sexa inverno non lles inflúe. Vacas. E tres plumas máis ao lado das vacas. Ti míra-lo reloxo que hai alá diante. As 00:10, marca. Pero en realidade son as 16:35.

Hai vacas bebendo. Desas holandesas, brancas e negras, coma dálmatas xigantes e obesos. E máis plumas. Ti non miras as plumas, miras o asento de diante porque sabes que te estou a observar. E non me importa. Agora vexo ovellas e un cartel que indica un área de descanso próxima. Aínda falta un anaco.

Revólveste no teu asento. Tal vez agora estean na cama. Modere a velocidade. ¿Pavimento deslizante? Non creo. E peaxe a 700 metros. Penso ir velo ao despacho a semana que vén. Cando vaia ver aos do ano pasado. Asomar a cabeza, velo un instante e liscar. Rápido. Sen volve-la vista atrás. Porque El hoxe volve con Ela, quén sabe dende cando estarán xuntos e qué estarán a facer agora. A puta mosquiña morta ao final saíuse coa súa. Non a vexas máis, non quero que volvas vela, díxolle a El sen un ápice de coherencia nada máis deixala. E El leva un mes sen verme. Hoxe fai un mes exacto.

Palpebrexas de novo. Non es Ela pero se o foses, tería sido o mesmo. Teríaste asustado igual ao ve-la miña cara, pero nin te formularías que eu puidese se-la Outra. Case me dobras a idade, e non me vai dar tempo de colle-lo outro bus. Ou, de colle-lo, será polos pelos. Máis tempo a esperar na estación cargada de maletas.

Unha ría. Marea baixa. Debe apestar aí fóra. Se agora chocásemos contra os dous camións cisterna que estamos a adiantar, saltaríamos polos aires. Levan un carteliño de substancias inflamables. Ti saltarías tamén polos aires. Pero non o mentón de cu nin o pelo de home. Porque ti non es Ela. Xa falta pouco. Alfonso Molina.

Nun rato seguiras o teu camiño e a túa vida, ignorando que durante cincuenta minutos fuches o obxecto das miñas elucubracións. O señor de gravata baixou a cabeza pero segue a durmir. Ou tal vez lee. A túa chaqueta rosa irase contigo. Igual que a miña vida se foi con El.

Sei que non o merezo. Sei que o din todo, e que se máis pedise, máis lle tivese dado. Entregueime a El por completo. Non ten qué reprocharme.

Diríalle “estás condenado a voltar comigo, os bos sempre gañan”. Pero entrei no xogo sendo a mala e agora págo, non coa miña vida, pero si coa miña cordura. Prezo alto por El. Estará orgulloso. Venceume. A chaqueta rosa érguese, estírase, palpebrexa un par de veces e fai o amago de baixa-las escaleiras do bus. Perdoa, bonita, eu baixo antes. Hop. Deslízome ante as túas narices. Collo as miñas maletas da arquilla. Volvo a cabeza pero para entón xa o poncho de flores se alonxa camiñando suavemente polas desgastadas pedras do chan da estación. Fáltache moito para ser coma min. Moito para ser un gato. Igual que a Ela, que non pasa de ser unha simple bicha de pelo curto. Pese a non tela visto nunca camiñar, sei que camiña reptando. O bus debe estar a punto de saír. É o meu enlace. Se me dou présa, quizais poida collelo. Intento atravesar a calle dun andén ao outro rápido, torpemente arrastrando as maletas. Sinto ganas de fumar un cigarro. El nunca me deixaba fumar. Pero agora El non ten nada que dicirme. Porque sabe que se me dixese algo, eu podería dicirlle moito máis. *Sabes que non me gusta que fumes, que meu pai fuma moitísimo e está fatal. ¿Quieres rematar coma el?* E eu diríalle: Dixéchesme que era a muller da túa vida, que cando te marchases do seu lado, daríame a chave do piso que alugaría. Agora, un ano despois de bicarme, decátaste de que tamén a queres a Ela. E escóllela. Isto non é o xogo da oca. Cariño, meu rei, dime, ¿faríame o favor de ir tomar un pouco polo cu?

Comeza a chover. O fume do cigarro sobe ata a miña cara. Suxéitoo coa man dona do cóbado que se apoia na ventá baixada. No cassette non sei que música soa. Tal vez Silvio Rodríguez. O mesmo Silvio que coñecín da man de El. Meto terceira, meto cuarta. As maletas tal vez están no maleteiro. Ou tal vez non, porque cecais o coche que estou a conducir non é o meu, porque está no taller, senón o de El, o antepasado homónimo. Só que o de El era vermello, e este é branco coma a neve. Ao mellor está pálido polo que vai facer. Porque de súpeto, no campo de visión dos seus faros só aparece un poncho de flores e un pantalón de pana. E en lugar de frear, acelera. E acelera máis. Ata que algo provoca que a suspensión e os amortiguadores traballen extra.

E Silvio canta. E estame dicindo que non importa mentirse para ser felices. Desaparezo entre o fume do agonizante cigarro. Pouso as maletas xunto a un banco da estación e esmago con parsimonia a cabicha. Suspiro ata baleirar por completo os pulmóns. O meu enlace xa está aquí. O enlace a unha nova vida.

Mica & Mala Müller

Gata

A torpeza enleada no mediodía grisallento dun domingo que te descobre buscando por debaixo das camas as zapatillas para calzar algo de resaca, algo de olleiras. Despediches aos novos compañeiros de traballo, todos algo achispados por aquilo de romper rápido o xeo e trabar a confianza xusta, tampouco somos amigos nin creo que cheguemos a selo algún día, pensaches ao marcharen. Máis tarde soñaches cousas se cadra reveladoras, indicios de algo que non deches apreixado.

Comezas a recoller a casa. E nestes días que as cidades se hiperregularan para seguir unhas mínimas normas de hixiene e convivencia e por iso se prohibe, baixo pena de multa, sacudir alfombras e tirar pelusas e faragullas,

deixar sen recoller nas beirarrúas ou en parques públicos os excrementos das mascotas ou estrar botellas cheas e as baleiras, es como unha pequena delincuente botando ao ar o mantel cos restos da última cea. Abaixo, no patio de luces, os gatos observan incrédulos e expectantes, a ver que cae. E aí van uns panos de papel, artesanías abstractas de miga de pan, palillos, un corcho, o envoltorio dun xeadado. Nada que levar ás fauces cativas pero famentas. Cae de súpeto un mantel, o mantel da cea. Os gatos que se asustan; un que resulta atrapado na tea fantasmal e logra escapar.

Que fas, baixas a buscar o mantel ou esperas a vestirte? Mellor baixar agora, porque hai pingas que baten despois de dar unha reviravolta no ar anunciando que en breve choverá forte. Corres escaleiras abaixo en pixama e bata. É domingo, ninguén na rúa, ningún veciño no patio de luces. Só gatos, gatos orfos, familias felinas de irmáns, fillos e nais e á vez amantes e irmáns e pais á vez, que te miran, que se achegan para cheirarte; a ver que de que vas, e se traes comida. Xa tiveron tempo para pasear por riba do mantel, xa lamberon as últimas migallas da cea. Estremécete o seu roce de sibilino peluche contra o pixama, por riba das zapatillas. Así que apañas o mantel rapidamente e ao emprender a volta ao piso decátaste de que as esqueciches. Merda, as claves. Sen claves, con esta pinta. Que mareo de repente. E aínda non coñeces a ninguén na veciñanza, chegaches hai pouco, nova vida, nova cidade, os novos compañeiros de traballo viven ás aforas, e tampouco te evidenciarías desa forma estúpida, en pixama e co mantel na man.

Hei, iso é *kind of blue*. O cerebro adurmiñado reconece a melodía: no cuarto ou no quinto está soando Miles Davis. Sempre quixeches controlar un pouco máis de jazz pero ata aí chegas, ata Miles a todo volume, e esa trompeta que se compasa á sístole-diástole do teu desamparo dominical. Han de acollerme nese piso, pensas, guiada pola urxente intuición da intemperie absurda na que quedaches en cuestión de minutos. Corres escaleiras arriba. E sentes fame, moita fame, unha aguilloada forte no estómago, ha de ser tarde xa, seguro que lles sobrou algo de comer. Por iso nin te fixas na cara da parella feliz que che abre sorrindo o quinto d, estabámoste agardando, din nun fraseo. E ti entras, estendes o mantel, uliskas o ar, acendes unha vela e contemplas a fermosísima galería azul, dunha cor tan parecida á portada dese disco e tan similar á túa propia galería. Sentese que a túa vida baila a un paso do completo esquecemento; pero en que piso vivía eu, que pasou coas claves. Como unha gata que saltase pola ventá e perdesse unha vida.

Xiana Arias Rego

Melodías silvestres

A balada de H. Larpeira

Gustaba das cancións tristes en decembro. Era o amor polo seu mes favorito. Empuxábaa a facer mal. Non quería chorar de felicidade, prefería sufrir e regalar dor porque nacera do desesperado. Tiña ollos de tormenta. Era fermoso sabela nena de alameda, sentila agardando a merenda cunha cunca de terra en cada man. Era fermoso mirala e ver unha espiral. Así seducía, así, así. Así comía así, así. En espiral. A súa gorxa era casa sen luz. Deixaba as formas dos pés no cemento novo. Tiña medo da calexa de detrás do cuartel. Nena da casa partida. Nena con pánico ao desván. Ulía a gasolina e a tabaco. De que cor era? Vermella coma sangue. Verde coma as mortas. Con gusto a amorodos, caraxicas, arándanos, lorbagas. Tiña a lingua negra. Hortensia Larpeira subía nas barcas das festas imaxinando que voaba polos aires e non había máis mundo. Había nubes grises. Irmás cegas do inverno e do metal.

Unha percusión enxordecidora

Vaino matar porque se levan un ano. Un naceu en outubro e a outra en decembro. Agora teñen nove e dez. Pablo garda saltóns nun bote. Isabel debuxa no caderno o que quere ser de maior: un home. Díxollo á súa irmá ao erguerse: Imos ter que durmir en cuartos separados porque eu vou ser un home. Están na casa da avoa. Pasarán alí o mes de agosto. Isabel unha vez viu o mar. O que del lle contou a Pablo fixo que o rapaz gardase, coma o mellor dos segredos, todas as fotos do mar que atopaba nas revistas. Isabel tamén coleccionaba fotos: de coches, de xogadores de baloncesto e de incendios. Pablo é fillo do irmán de súa nai. Pablo escoitou pola fiestra da cociña unha conversa entre a súa tía e a avoa: Ogallá fose eu a nai do neno e Manolo o pai das nenas, así igual había algo de xustiza nesta casa. Pablo díxollo a súas primas: Vosa nai chora porque non son o seu fillo. Non vos quere. Isabel odiouno tanto que prometeu que había de ser a mellor en todo. Se o rapaz comía o que a ela non lle gustaba acababa por relamberse e deixar máis limpo o prato. Foi seu avó quen lle dixo a Isabel que non

podía conducir o tractor. Non podía ser mellor porque non lle deixaban e non porque non dese. Necesitaba non ser unha nena para andar co tractor. Pola noite ergueuse e foi a habitación de seu primo: pensou que se durmía alí igual pola mañá amencía convertida nun home. Deitouse na alfombra. Espertou moitas veces envolta en suor. Cando o sol chegou abriu os ollos, tocou a cabeza, palpou o ventre: seguía sendo ela. E chorou. Cando as bagoas calmaron viu escondida nunha esquina, debaixo da cama, unha caixa de cartón. Colleuna e saíu do cuarto. Abriuna e viu o mar: todas as fotos das revistas e nunha delas dúas figuras debuxadas a lapis. Por debaixo escrito: Isabel e Pablo xogan no mar. Vaino matar porque nunca lle dixo que quería ir ao mar con ela. Vaino matar na auga salgada, e sorrí porque a falta de homes pequenos igual súa nai a quere como é. Isabel odia o verán e odia aínda máis o outono. Vaino matar porque odia as estacións.

Compostela, xullo de 2007

Xoán Carlos Domínguez Alberte

Mundo rosa

Dende que se encargaba daquela cativa a súa ollada de pel morena era coma se usase lentes de contacto nunha soa dimensión. Nas tendas para as meniñas todo era da cor das flores máis regaladas segundo manda a tradición.

As palabras que a nena aínda non sabía pronunciar saían doces dos beizos de carmín das súas bonecas barbi. Nas imaxes dos contos que ela lle lía había fadas e princesas e sempre aparecía unha muller cincenta rescatada, por arte de maxia, do seu mundo de borralla da man dun príncipe fermoso, que tivera lingua de ra ou pel de sapo.

Non deixaba nunca de calcetar un interminable nobelo que facía torres no ar. Na televisión, con pantalla de plasma, os programas do corazón non lle daban chegado á alma, coma un ramallo de flores de plástico para os sentidos, con participantes con lingua de trapo.

As numerosas series con que acompañaba o quefacer rutinario da súa soidade metíanlle polos ollos mulleres que deixaban acotío a marca do seu sorriso de carmín no afago das palabras. Tiñan un cálido acento tropical coma o seu, mais aqueles fermosos corpos esveltos de pel canela nunca andaban aos choutos, de canguro, de fogar en fogar alleo. Víase que tamén descoñecían o que era non ter contrato digno, sufrir abusos sexuais ou malos tratos.

Non eran expectadoras pasivas que tragaban a diario series en serie que servían en bandexa de poliuretano unha comida precociñada, con envoltorio de plástico, de efecto invernadoiro.